

# Anuario

CURSO 2015 - 2016



Centros  
Integrados  
Formación Profesional

**SOMESO**



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



# Introducción

Xa tes nas mans o anuario do curso 2015–2016. Espero que che guste e o gardes con cariño. Estas cousas aprécianse máis co paso dos anos. Tamén nos gustaría que llo ensinaras aos teus amigos, para animalos a que estuden Formación Profesional e se é posible neste centro.

Aparte dos profesores, compañeiros e persoal do centro, este ano homenaxeamos ao poeta Manuel María, ao que se lle dedica o día das letras galegas. Encontrarás nas distintas páxinas deste anuario unha pequena escolma da súa obra.

Que gardes un bo recordo do teu paso por Someso. Como pon no panel informativo: **PREGÚNTATE QUE VÉS APRENDER AQUÍ, E QUE VÉS ENSINAR.** Espero que para ti xa teña sentido esta frase, aprendiches moitas cousas, esperamos que as poñas en práctica e que todos os teus soños os convertas en realidade.

Permítome utilizar este anuario para despedirme de todos vos, pois eu tamén deixo Someso, e quero agradecervos a todos o fácil que fixestes a miña labor e o grato que foi para min ser o voso Director; polo que me atrevo a pedirvos un último favor: queredo a Someso como eu o fixen e fago.

UNHA APERTA.

*Félix Rodil Álvarez*






# *Edificación e obra civil*





## *Profesorado do Departamento*



Juan, Ana, Luis, Eusebio, Isabel, Julita, Ricardo, Juan Ramón, Fernando, Isidro, Jorge, Marcos, Pura, José María, Amadeo.



## Edificación e obra civil

TÉCNICO EN CONSTRUCCIÓN · modular



Michael, Steven, Giovanni, David, Isidro.

### LABREGO

*Pra escravo o labrado!  
No inverno móllase.  
No Vrao derréte o calor.*

*A súa vida é incerta:  
ao sementar non sabe  
se acerta ou non acerta.*



### O CARRO

*Non canta na Chá ninguén.  
Por eso o meu carro canta.  
Canta o seu eixo tan ben  
que a señoardade me espanta.*

*Non hai canto tan fermoso:  
fino como un asubío.  
Aunque é, ás vegadas, saudoso,  
faise, no ar, rechouchío.*



Eusebio, Alberto, Patricia, Lidia, Daniel Sabel, Daniel Brea, Daniel Rodríguez, David, Antonio, Ana, Fernando, Marta, Ana, Juan.





## *Edificación e obra civil*

TÉCNICO SUPERIOR EN PROXECTOS DE EDIFICACIÓN · 1º

8



Cristina, Braís, Irene, Gonzalo, Alberto, Fátima, Isaac, Darío, Amadeo, Adrián, Pura, Joshua, Antón, Álvaro, Sandra, Juan Bautista, Patricia, David.

### O GALO

*Espertas as estrelas  
co teu quiquiriquí.  
Tes plumas amarelas  
coas que presumes ti.*

*Eres un gran señor,  
orgulloso, sen diñeiro!  
Meu galo galeador,  
fachenda do galiñeiro!*





## INVERNO

*Están os campos nevados,  
a xente xunto ás lareiras,  
os gandos encortellados  
e os capós nas capoeiras.*

*As bandadas de aves frías  
a berrar polos navales.  
Son moi pequenos os días  
e grandes os temporales!*



Amadeo, Juan Ramón, Jorge, Pamela, Francisco, Nicolás, Eloy, Andrés, Óscar, Juan Manuel, Sergio, Juan Carlos, Adrián, Raquel, Carmen.



## *Edificación e obra civil*

TÉCNICO SUPERIOR EN PROXECTOS DE OBRA CIVIL · 1º

10



Nuria, Julita, Ricardo, Ana, Jorge, Javier, Enrique, Daniel, David, Manuel, Asier, Marcos, Iago, Gustavo, Nuria, Jorge, Mariluz.

### NOITE

*A terra colle medo  
cando a noite ven.  
A lúa dálle luz,  
outra cousa non ten.  
Inda que a terra chore  
non o sabe ningún!*

**CARBALLOS**

*Carballos rexos, potentes,  
calados ou musicáis:  
que loitades como valentes  
coas xistras e os vendavais.*

*Duros carballos verdeados,  
petrucios e sedentarios!  
Estades na Chá chantados  
solemnes e centenarios!*



Luis, María José, Adriana, Soraya, José Ángel, Marcos, Jorge, Celso, David, Javier, Daniel, Mariano, Diana, Alberto, Pura.





## *Edificación e obra civil*

TÉCNICO SUPERIOR EN REALIZACIÓN E PLANS DE OBRA



María, Steven, Juan, Celso, Ismael, Míguel Ángel, Idallina.

### O CUCO

*O cuco, cuco cuqueiro.  
O cuco, cuco, cucón.  
Madrugón e cantareiro!  
Cantareiro e madrugón!*

*Óese pola carballeira  
o vello cuco souril  
ao nacer a Primavera  
entre o Marzo e o Abril.*





CICLO FORMATIVO GRAO MEDIO CONSTRUCCIÓN  
*Modular*

CICLO FORMATIVO GRAO SUPERIOR PROXECTOS DE EDIFICACIÓN E OBRA CIVIL  
*Modular*

CICLO FORMATIVO GRAO SUPERIOR PROXECTOS DE EDIFICACIÓN  
*Ordinario*

CICLO FORMATIVO GRAO SUPERIOR PROXECTOS DE OBRA CIVIL  
*Ordinario*

CICLO FORMATIVO GRAO SUPERIOR EN REALIZACIÓN E PLANS DE OBRA  
*Ordinario*

CICLO FORMATIVO GRAO SUPERIOR PROXECTOS DE OBRA CIVIL  
*Distancia*



# *Fabricación, mecánica*



## *Profesorado do Departamento*



Noceda, Villares, Nogueira, Lamas, Eduardo, Rodil, Luis, Víctor, Iván, César, Diéguez, Román, Fernando, Naya, Lucía, Quintana, Tamara.



## *Fabricación mecánica*

PROFESIONAL BÁSICO EN FABRICACIÓN E MONTAXE · 1º



David, Sergio, Alfredo, Elías, Aarón, Agustín, Alejandro, Salvador, John, J. Fredy, Raúl, Carlos, Kevin, Christian, Miguel, Rubén, Isaías, Eduardo.

### GALICIA

*Galicia docemente  
está ollando o mar:  
ten vales e montañas  
e terras pra labrar!*

*Ten portos, mariñeiros,  
cidades e labregos  
cargados de traballos,  
cargados de trafegos!*





## O SOL

*O sol chámase Lourenzo  
e é un señor moi finchado  
que está no alto do ceo  
todo o día rebrillando.*

*Vai vestido de marelo,  
leva chaleque encarnado.  
Moi seguro de sí mesmo  
a súa calor nos vai dando.*



Fco. Javier, Nicolás, Adrián, Tomás, Fabricio, Marc, Blas.



## *Fabricación mecánica*

TÉCNICO EN MECANIZADO · 1º modular



Fernando, Andrés, Alfonso, Ramón, Xavier, Martín, Xurxo, David.

A LÚA

*A señora Lúa  
aínda está solteira.  
A señora Lúa:  
a Lúa lueira!*

*A Lúa lueira,  
a señora Lúa:  
ten gana de troula  
e quer ir de rúa!*



## O ARCO DA VELLA

*O arco da vella  
no ceo subido  
co seu colorín,  
co seu colorido.*

*O arco da vella  
con sete cores  
que teñen, no ceo,  
beleza de flores.*



Manuel, Julio José, Xosé Antón, Javier, Ángel Luis, Alberto, Lucía Lousa, José Avelino, Iván, Juan Leoncio, Francisco, Adrián, Jorge.





## *Fabricación mecánica*

TÉCNICO EN MECANIZADO · 1º



Luis, Aarón, Ignacio, Wenceslao, Víctor, Pablo, Javier, Jaime, Adrián, Daniel, Adrián, Diego, Sergio, Wilmer, Adrián, Luis, Valentín.

### O MAR

*Ti nunca viches o mar  
cos seus berros bruadores,  
coas súas escumas de prata,  
cos barcos e os pescadores.*

*- Ti nunca viches o mar  
a tecer e a destecer  
ondas azuis que van  
á praia mansa morrer?*





## CAMPÁS

*Ergue, meu meniño;  
ergue, lacazán;  
que as campás xa tocan  
con ledo din-dan.*

*- Ledas camapañas  
xa tocando están  
que chegou a lalba  
chamando á mañán!*



Iván, Juan, Miguel, Alejandro, Iván, Antía, Ismael, Alexis, Adrián, Pedro, Borja, José Bueno.



## *Fabricación mecánica*

TÉCNICO EN SOLDADURA E CALDEIRARÍA · 1º



Heisson, Luis Manuel, Marcos, Jesús, Aitor, Diego, Álvaro, Brais, Aitor, Samuel, Martín, Iván, Laik, Cristian, Sergio, Adrián, Pablo, Pablo, César.

### O MEU BARCO

*Teño un barco de xoguete  
e nel me quero embarcar.  
Polos mares dos meus sonhos  
quen me verá navegar!*

*Navegarei por mil ríos  
sete mares ei cruzar.  
No meu barco de xoguete  
cansarei de viaxar...!*



## O CHIFRE

*Eu teño un chifre chifreiro.  
Eu teño un chifre chifrón,  
tan chifrador e algareiro  
que a todos chama a atención.*

*Eu teño un chifre chifreiro  
que mo mercaron na feira.  
O seu alegre asubío  
resoa na aldea enteira...!*



Villares, Fabián, Pablo, Sergio, Adrián, Daniel, Manuel, Lamas, David, Iago.





## *Fabricación mecánica*

TÉCNICO SUPERIOR EN CONSTRUCCIÓN METÁLICAS · 1º



Lorena, José Ramón, Julián, Gonzalo, David, Nacho, Samuel, Adán, Luis, Ignacio, Alberto, Alejandro, Mauricio.

### O FOGUETE

*O foguete sobe ao ceo  
coma un raio.  
Perde forza e cae ao chan  
nun desmaio.*

*O foguete chega ás nubes!  
Que bravura!  
Que de estalos! Que ruído!  
Pouco dura!*





## O ARADO

*Labrado da miña mau  
fixen, coa miña navalla,  
un aradillo de pau...*

*Leva temón e chavella  
e unha rella furadora  
feita dunha lata vella!*

*Ten orelleiras; rabela  
tan luída e rematada  
que namora mirar para ela!*



Rubén, Jhenson, Agustín, Simón, David, Daniel, Adrián, Pablo.



## *Fabricación mecánica*

TÉCNICO SUPERIOR EN PROGRAMACIÓN DA PRODUCCIÓN EN FABRICACIÓN MECÁNICA · 1º



### O CARRO

*Teño un carriño cantor,  
teño un carriño cantareiro  
con funqueiros afiados  
e con eio de amieiro!*

*O meu carro canta ben,  
non pode cantar mellor.  
Meu carriño cantareiro,  
meu carriño cantador!*

Luís, Hugo, Daniel, Alberto, Antón, Alejandro, Yomar Michele, Alejandro, Ángel, Carlos, Roberto, David, Daniel, David, Borja.



## O SOÑADOR

*Quixera ser muiñeiro  
pra me enfoular de fariña.  
Levaría branca a pucha,  
non cobraría a maquiá!*

*Eu quixera ser ferreiro  
e o ferro ardente forxar.  
Cun martelo nunha man  
petaría sen parar!*



Manuel, Miguel, Mario, Iván, Pablo, Bruno, Eduardo, Jesús, Hector, Ezequiel, Adrián, Jaime, Diéguez.



## *Fabricación mecánica*

TÉCNICO EN SOLDADURA E CALDEIRARÍA · 1º e 2º. Modular



Paco, Freddy, Maikel, Manuel, Daniel, Paco, Sergio, Adrián, Kevin, Juan, Mariela, David, Paulina, Iván, Álvaro, Javier, Felipe, Óscar, Alberto, Fernando, Francisco, Naya, Rubén, Carlos, Adrián, Felipe, Adrián, Sergio.

### XOGOS

*Non quero xogar ao feito  
e tampouco irei aos niños.  
Non quero facerlle mal  
aos coitados paxariños...!*

*- Non quero xogar ás bolas  
nen ver roular o peón!  
Tampouco quero correr  
dando couces a un balón!*





CICLO FORMATIVO GRAO BÁSICO FABRICACIÓN E MONTAXE  
*Ordinario*

CICLO FORMATIVO GRAO MEDIO MECANIZADO  
*Ordinario - Modular*

CICLO FORMATIVO GRAO MEDIO SOLDADURA E CALDEIRARÍA  
*Ordinario - Modular*

CICLO FORMATIVO GRAO SUPERIOR CONSTRUCCIÓN METÁLICAS  
*Ordinario*

CICLO FORMATIVO GRAO SUPERIOR PROGRAMACIÓN DA PRODUCCIÓN  
EN FABRICACIÓN MECÁNICA  
*Ordinario*

CICLO FORMATIVO GRAO SUPERIOR CONSTRUCCIÓN METÁLICAS  
*Distancia*



*Imaxe*  
*persoal*

30



## *Profesorado do Departamento*



Juan Carlos, Ana Pardellas, Teresa, Patricia, Amador, Nuria, Ana, Montse, Teresa, Bea, Esther, Ángeles, Cris, Estela, Marina.



*Imaxe persoal*

PROFESIONAL BÁSICO EN PEITEADO E ESTÉTICA · 1º A



Tanya, Érica, Isa, Bea, Brenda, Andrea, Noelia, Andreea, Leroy, Mavi, Sara, Sam, Mirilia, Alba, Bianca, Laura, Estela.

#### O LUME NOVO

*Hoxe é o lume novo,  
noite de San Xoán.  
As ledas fogueiras  
acesas están...!*

*Que gusto, rapaces,  
correr e saltar,  
dar brincos a pulos,  
volver a brincar!*



**A BONECA**

*A neniña está cosendo  
un fermoso manteliño.  
Dá puntadas e puntadas  
nun branco anaco de liño!*

*A neniña está cosendo,  
a neniña está bordando:  
en cada puntada súa  
un soño vai apareixando!*



Iara, Carla, Helena, Yaiza, Yaiza Suárez, Leticia, Ana, Alberto, Sabela, Itziar, Ainhoa, Saray, Fátima.



*Imaxe persoal*

PROFESIONAL BÁSICO EN PEITEADO E ESTÉTICA · 1º C



Alba, Andrea, Raquel, Thaynara, Amaury, Diego, Guzmán, Alex, Nieves, Aroa, César, Lola, Lidia.

O MEU AÑO

*Teño un año branco  
como outro non hai.  
Teño un año branco  
que quedou sen nai!*

*Vén comigo ao prado  
e ao monte tamén.  
A onde quer que eu vaia  
él comigo ven...*


**CARACOL**

*Caracol, col, col;  
caracol, caracoleiro:  
pon os teus cornos ao sol  
xa que eres tan frioleiro!*

*Ao lombo levas a casa,  
caracol, caracoleiro:  
e deixas cinta de seda  
engalanando o carreiro!*



Ana, Rebeca, Diana, Graciela, Sara, Gema, Lucía, Anthony, Marta, Mauro, Valery, Nana, Sara Varela, Patricia.



*Imaxe persoal*

**TÉCNICO EN PEITEADO E COSMÉTICA CAPILAR · Modular 1º**



Bianca, Yovani, Silvia, Rut, Javi, Carlota, Guadalupe, Andrea, Cristina Franco.

#### A PITA CHOCA

*A señora Pita  
leva a súa rolada  
como unha señora  
moi señoreada.*

*- Pío, pío, pío...  
Cada pío un choro.  
Os pitiños pían  
en piante coro!*





### O MEU BURRIÑO

*Arre, corre,  
meu burro trotón,  
meu burriño manso,  
meu burriño bon!*

*Corre meu burriño;  
non galopes, voa!  
A ver se lle gañas  
ao vento que zoa!*



María, Alba, Zoe, Patricia, Victoria, Silvia, Lorena, Ricardo, Martín, Ángela, Lorena, Sergio, Natalia, Claudia.



*Imaxe persoal*

TÉCNICO EN PEITEADO E COSMÉTICA CAPILAR · 1º A



Anastasia, Andrea, Nipa, Marta, Dany, Alba, Vanesa, Tania, Alejandra, Amanda, Gaby, Jenny, Rocío, Lucía, Fina, Estela.

SEÑOR GATO

*Señor gato:  
atención;  
no rincón  
hai un burato;  
no burato  
está o rato  
caladiño,  
acochadiño,  
sen falar  
nen respirar.*

**PAZPALLAR**

*Pazpallar que cantas ledo  
no centeo floreado:  
milagre que lle dás voz  
á luz do maio emaiado!*

*Pazpallar: eu só escoito  
o teu cantar no verán.  
No inverno, as túas cancións,  
meu pazpallar, onde están?*



Laura, Nuria, Jennifer, Rosana, Verónica, Natalia, Giovanni, Rebeca, Yolanda, Javier, Yasira, Valery, Jessica, Marta, Ainoa, Michelle, Semi.



*Imaxe persoal*

TÉCNICO EN PEITEADO E COSMÉTICA CAPILAR · 2º A



Cris, Lucía, Cristina, Verónica, Rosa, Teresa, Coral, Adrián, Joanna, Sheila, Rocío, María, Nereida, Ana, Yadira, Marina.

#### O LAR

*Vivimos nun bloque enorme  
ocupando o cuarto andar.  
Neste edificio disforme  
nós temos o noso lar.*

*Xanelas cuadriculadas  
sen horizonte ou paisaxe.  
No portal os ascensores  
e no sótano o garaxe.*





#### A FALA

*O idioma é a chave  
coa que abrimos o mundo:  
o salouco máis feble,  
o pesar máis profundo.*

*O idioma é a vida,  
o coitelo da dor,  
o marmurio do vento,  
a palabra de amor.*



Cristina, Ana, Patricia, Laura, Andrea, Rebeca, Melanie, Yaiza, Abel, Lucía, Cynthia, Adriana, Tamara, Rosana.



*Imaxe persoal*

**TÉCNICO EN PEITEADO E COSMÉTICA CAPILAR · 2º F.P. Dual**



María Oubel, Alba, Jenifer, Elena, Dani, Geraldine, Antía.

### O CIRCO

*Que marabilla é o circo!  
Frol aberta a fantasía  
na xorda vulgaridade  
da vida de cada día!*

*O circo é unha maxia,  
un engado solprendente  
unha ledicia sinxela  
que contaxa a toda a xente.*



#### A NATUREZA

*Temos que amar a campía  
e non lle facer aldraxe.  
Non encher de porquería  
a beleza da paisaxe...!*

*O que ama a natureza  
ten que respetarlle a vida.  
Non hai meirande beleza  
nin emoción tan cumprida.*



Junior, Jennifer, Lara, Elena, Alba, Antía, Dani.



*Imaxe persoal*

**TÉCNICO EN ESTÉTICA E BELEZA · 1º**

44



Laura, Yessica, Erea, Lorena, Laura Ramos, Miriam, Aroha, Patricia, Jennifer, Aurora, Adriana, Olalla, Goretti, Gabriela, Sara, Teresa Calvo, Montse Lourido.

DORNA

*Non hai dorna como a miña  
tan xentil e tan lixeira.  
Miña dorna ben feitaña!  
Miña dorna mariñeira...!*

*Miña dorna destemida  
non lle tremes ao trebón.  
Qué valente! Qué belida!  
Qué potente embarcación!*





### HÓRREO

*Eu teño un hórreo ou piorno  
ou tamén un cabaceiro.  
Non hai en todo o contorno  
un hórreo tan churrusqueiro!*

*Todo de pedra picada  
é feito de cantería.  
Parece cousa soñada!  
Parece unha fantasía!*



Laura Lendoiro, Vanesa, Camila, Eva, Antía, Alba, Kelly, Laura Martínez, Ana, Carlota, Lara, Estefanía, Jessica, Gemma, Lorena, Leticia, Raquel, Teresa Calvo.



*Imaxe persoal*

**TÉCNICO SUPERIOR EN ESTÉTICA INTEGRAL E BENESTAR · 2º**



Estefanía, Paula, Joana, Noelia, Beatriz S., Cruz, Beatriz V., Diana, Soledad, Yalieski, Yenifer, Leticia, Isabel, Gema, Lydia, Ingrid, Raihen, Estefanía V., Alba, Ángeles, Montse, Cristina.

O CAN

*Teño un canciño moi bon,  
teño un canciño rabeno.  
É bonito e xoguetón  
o meu canciño pequeno!*

*Teño un canciño xeitoso,  
teño un canciño rabelo.  
É un canciño fermoso  
que mesmo dá xenio velo!*

**TÉCNICO SUPERIOR EN ESTILISMO E DIRECCIÓN DE PEITEADO · 1º****CONTO DE MEDO**

*Según rezan contos vellos  
e moi antigas consellas  
os lobos feroces comen  
as inocentes ovellas.*

*Cando as ovellas están  
en calquer monte ao pasteiro  
pódense ollar sorprendidas  
polo lobo carniceiro.*



Esther Sánchez, Leticia, Natalia, Manuel, Teresa Vázquez, Miriam, Eva, Ana, Ana, Aitor, Héctor, Félix.





*Imaxe persoal*

**TÉCNICO SUPERIOR EN ESTILISMO E DIRECCIÓN DE PEITEADO · 2º**



Beatriz, Carla, Cristina, Iria, Cintia, Luisa, Verónica, Isabel, Laura, Xiana, Rosina, Sara, Patricia, Sarai, Elena, Damian, Antón, Jennifer.

## ROSAS

*Sempre a rosa. Sempre:  
a forma,  
a cor,  
o recendo,  
a luz,  
a perfección da rosa...  
Prefiro a rosa vermella.  
E amo a rosa branca  
porque, cando lle digo  
simplemente: ROSA,  
entrecerra os ollos,  
treme e ruborece.*



**LABREGO**

*Pra lograr lograr unha anada  
ten que contar co sol  
coa auga, coa xeeda...  
Como a terra é cega  
se lle da froito un ano  
o que ven, xa llo nega.*

*Así vive o labrador:  
comendo pan regado  
con sangue e con sudor!*



Conchi, Cristina, Jacqueline, Cristina, Mirian, Elena, Cristina, Elvira, Vanessa, Eva, Laura, Eva, Raquel, Beatriz.



*Imaxe persoal*

**TÉCNICO SUPERIOR EN ESTÉTICA INTEGRAL E BENESTAR · 2º Modular**



Cristina Llevot, Nuria, Mercedes, Raquel, Lucía, Iria, Iris, Pili, Marcia, Lelia.

#### O CARRO

*O meu carro é cerna dura:  
Sábese carballo e freixo.  
Que fermosa a súa feitura!  
Que lixeira a do eixo!*

*As cousas vanse aledando  
por onde o meu carro pasa.  
Carrétame herba pró gando!  
Traime a colleita pra casa!*



CICLO FORMATIVO GRAO BÁSICO PEITEADO E ESTÉTICA  
*Ordinario*

CICLO FORMATIVO GRAO MEDIO PEITEADO E COSMÉTICA CAPILAR  
*Ordinario - Modular - Dual*

CICLO FORMATIVO GRAO MEDIO ESTÉTICA E BELEZA  
*Ordinario*

CICLO FORMATIVO GRAO SUPERIOR ESTÉTICA INTEGRAL E BENESTAR  
*Ordinario - Modular*

CICLO FORMATIVO GRAO SUPERIOR ESTILISMO E DIRECCIÓN DE PEITEADO  
*Ordinario*



# *madeira* *e moble*





## *Profesorado do Departamento*



Juan, Fernando, Gago, Mesías, Antón, Xavier.



## *Madeira e moble*

TÉCNICO EN CARPINTERÍA E MOBLE · 1º



Fernando, Nunes, Pablo, Gonzalo, Adrián, Roi, Diego, Puga, David, Jonny.

### O CUCO

*O vello cuco, cucou  
e moito máis cucará!  
O cuco non me capou  
e nunca me capará!*

*Polas mañás ben cediño  
o cuco canta: “cu-cú...”.  
Como o teño por veciño  
eu trato ao cuco de tú!*



## GALICIA

*Galicia é unha nai  
velliña, soñadora:  
na voz da gaita rise,  
na voz da gaita chora!*

*Galicia é o que vemos:  
a terra, o mar, o vento...  
Pro hai outra Galicia  
que vai no sentimento!*



Rita, David, Antón, Félix, Mato, Adrián, Borja, Kevin, Mesías.





*Madeira e moble*

TÉCNICO EN INSTALACIÓNS E AMOBLAMENTO

56



Amparo, Gonzalo, Carlos, José Luis, Rafa, Begoña, Antonio, Elena, Jesús, Alex, Ángel.

O SOL

*O sol chámase Lourenzo  
e é un señor moi sinalado.  
Se non fora polo sol  
estaría o mundo xeado!*

*Só o sol manda no ceo,  
moi solemne, moi barbado.  
As súas barbas son os raios  
con que nos vai alumando!*





### A LÚA

*A señora Lúa  
a Lúa rueira  
como anda de noite,  
sempre está tristeira.*

*Sempre con tristura  
e melancolía  
que anda pola noite  
e dorme de día.*



Loui, Iván, Juan Carlos, Nicolás, Marta, José Luis, Nerea, Adrián, Olaya, Martín, Alejandro, Javier, Xavier.



## *Madeira e moble*

TÉCNICO SUPERIOR EN DISEÑO E AMOBLAMENTO · 2º



Rosana, Naomi, Gonzalo, Miguel, Francisco, David, Esteban, David, Gago.

### O ARCO DA VELLA

*O arco da vella  
no ceo chantado  
co seu colorín,  
co seu colorado.*

*O arco da vella  
é un arco triunfal  
con sete guerreiros  
que a ningún fan mal.*



CICLO FORMATIVO GRAO MEDIO CARPINTERÍA E MOBRE  
*Ordinario*

CICLO FORMATIVO GRAO MEDIO INSTALACIÓNS E AMOBLAMENTO  
*Modular*

CICLO FORMATIVO GRAO SUPERIOR DISEÑO E AMOBLAMENTO  
*Ordinario*



# *transporte e manutenção de veículos*





## *Profesorado do Departamento*



Eliseo, Ramón, Mosquera, Julio, Antonio, Deus, Luis Miguel, Marta, Ernesto, Héctor, Enrique, Cotón, Santiso, Gesto.



## *Transporte e mantemento de vehículos*

PROFESIONAL BÁSICO EN MANTEMENTO DE VEHÍCULOS · 1º A



Alfredo, Christian, Carlos, Iván, Alejandro, Diego, Jairo, Jorge, Reyes, Cristian, Oscar, Brian, Aarón, Hector.

### O MAR

- E ti non sabes que o mar  
é uha inmensa longura,  
auga e ceo, ceo e auga,  
maxestade e fermosura?

- Ti nunca viches o mar?  
E sabes que non repousa.  
- Se nunca viches o mar  
non viches ningunha cousa!



## CAMPÁS

- Tocan as campás  
e andan a falar  
cousas moi fermosas  
por todo o lugar.

- Falan as campás  
con voz de metal:  
o seu canto voa  
dende o monte ao val!



Iñaki, Junior, José Manuel, Omar, Alejandro, Victor, David, Mohamed, Marisa, Eliezer, Mauro, Juan, Tomás, Camilo, Carlos, Brais, Manuel, Mauro.





## *Transporte e mantemento de vehículos*

TÉCNICO EN CARROZARÍA · 1º



Pablo, David, Izan, Alejandro, Rubén, Sergio, Judit, Martín, Samuel, Martín, Ismael, Carlos, Kevin, Alberto, Iván, Adrián, Santiago, Santiago, Julio.

### O MEU BARCO

*No meu barco de xoguete,  
mariñeiro e capitán...!  
Non teño medo ao trebón  
nen me asusta o furacán!*

*O meu barco de xoguete!  
O meu barco moito val:  
verei terras, verei illas,  
verei mares de coral...!*





### O CHIFRE

*Eu dou ordes co meu chifre,  
ando a ordenar con chifrazos:*

*- Que florezan as roseiras,  
que chién ben os paxaros...!*

*- Que maduren as cerdeiras,  
as figueiras e os mazairos!*

*E que veñan ben cargados  
de xoguetes os Reis Magos...!*



Eliseo, Alejandro, Juan Manuel, José Antonio, Jorge, David, José, Pedro, Abraham, Iago, Santiago, Christopher, Darío.



## *Transporte e mantemento de vehículos*

TÉCNICO EN ELECTROMECAÁNICA DE VEHÍCULOS · 1º



Marta, Alejandro, Anxo, Corral, Jony, Adrián, Alberto, Richi, Óscar, Josu, Roberto, Julio, Denís, Muelas, Pailos, Iso, Abdallah.

### O ARADO

*O meu arado é ben feitoño  
que pode mesmo esfender  
labradíos a barbeito...!*

*Teño que darlle estreno  
ao meu arado arador,  
ao meu arado pequeno...!*



### O CARRO

*O meu carro canta, canta:  
nunca cansa de cantar.  
De día cántalle ao sol:  
de noite, canta ao luar!*

*Ouh, meu carriño cantor:  
cantas agora e despois.  
Con que fachenda te leva  
a parelliña de bois...!*



Diego, Carlos, Christian, Rubén, Marcelo, Iván, Óscar, Dani, Gantes, Ignacio, Hector, Sebas, Miguel, Óscar, Jonatan, Miguel, Adrián, Andrei.





## *Transporte e mantemento de vehículos*

TÉCNICO EN ELECTROMECAÁNICA DE VEHÍCULOS · Modular



Miguel, Alejandro, Sergio, Cristian, Julián, Nacho, Gonzalo, Martiña, Diego, Iván, Carlos.

### O SOÑADOR

*Quixera ser mariñeiro,  
mariñeiro e pescador:  
tería un barco veleiro  
e unha dorna con motor!*

*Quixera ser fogueiro  
e, nas festas patronais,  
tirar foguetes, foguetes  
de estalos fenomenais...!*





## XOGOS

- Non xogarei ao escondite,  
nen a xustiza e ladróns  
anque eu sexa o capitán  
e teña o mando dos bos!
- Dime a que queres xogar?  
Dime, neno, o teu anceo.  
- Quero ter un avión  
pra percorrer o ceo!




David, Adrián, David, Jesús, Jano, Mario, J. Mario, Toni, Alex, Rubén, Rubén, Alejandro, Iván, Raúl, Brais, José Manuel, Cotón



## *Transporte e mantemento de vehículos*

TÉCNICO SUPERIOR EN AUTOMOCIÓN · 2º



### O LUME NOVO

*Que gusto, rapaces,  
correr e saltar,  
dar brincos e pulos,  
volver a brincar!*

*Que gusto, que ben  
saltar as fogueiras  
coas chamas subindo,  
medrandao lixeiras!*

Eliseo, Román M., Víctor, César, Luis Manuel, Adrián V., Verónica, Adriana, Juan, Jorge, Rubén, David I., Román S., Luis Prada, Miguel, Mario, David P., Mosquera.



CICLO FORMATIVO GRAO BÁSICO MANTEMENTO DE VEHÍCULOS

CICLO FORMATIVO GRAO MEDIO CARROZARÍA  
*Ordinario*

CICLO FORMATIVO DE GRAO MEDIO EN ELECTROMECAÁNICA DE VEHÍCULOS  
*Ordinario - Modular*

CICLO FORMATIVO DE GRAO SUPERIOR AUTOMOCIÓN  
*Ordinario*



# *Departamentos do centro*







*Departamentos do centro*

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA



Mesías, Teresa, Pura, Marcos.

A BONECA

*A boneca é unha espiga  
de maiz con pelo loiro.  
A boneca hai que vestila  
que non pode andar en coiro!*

*A neniña é moi pobriña.  
Cose, cose no ourelo,  
á boneca hai que poñerlle  
o seu fermoso mantelo...!*

*Departamentos do centro*

## FORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL

## O MEU AÑO

*Sempre vén comigo,  
sen min non se afai.  
Eu son seu amigo,  
que quedou sen nai!*

*El comigo brinca  
e eu xogo con el.  
Meu anño branco,  
meu amigo fiel...!*



Balbino, Nuria, Carmela, Inma, Ana, Ana Barba, Begoña.

*Departamentos do centro*

**PERSOAL NON DOCENTE**



Rut, Alberto, Carlos, Javi, Loli, Sagrario, José Manuel, Ramón, Marian, Mar, Juana, Ángeles, Teresa.

A PITA CHOCA

- Pío, pío, pío...  
Con píar inqueda  
pían os pitiños  
porque teñen medo!

Baixo da galiña  
os pitos nun fato  
todos en rolada  
que vén o miñado!





*A xardineira de Someso*

## *O cariño permanece. Ana Torreiro en nós.*

Ana Torreiro, a miña amiga, unha grandísima artista.

Coñecina dende sempre. Ben, dende os quince anos, cando o destino quixo situarnos na mesma clase de primeiro de BUP. Xa entón manifestaba esa paixón pola creatividade, pola música, pola natureza que sempre a acompañou.

Inmediatamente armamos un grupo de música folk, Belida. E, só uns anos despois –oh maravillas da mocidade– viaxamos a Bretaña para participar no festival de Lorient. Triunfamos. Mellor dito, triunfou Ana. A nosa pericia como instrumentistas era bastante limitada. Cando ela comezaba a cantar, o público todo quedaba enfeitizado.

Quizá vós, nunca a escoitastes. Dende había uns anos a súa música converteuse en privilexio para o círculo de amigos. Mais estou certo que a súa presenza non vos deixou indiferente. Ana non podía pasar desapercibida. Alí onde estaba todo o iluminaba co seu sorriso. Esa necesidade de crear e compartir, de facer protagonistas a cada persoa que tiña no seu entorno.

Por iso deseñou a súa casa, detalle a detalle co seu, compañeiro Carlos, como unha grande

aperta de acollida. E construíu nela, un obradoiro de cerámica para poder compartir tanta creatividade con amigas e amigos.

Ana falábanos moitas veces de Someso. Aquí estaba feliz. Contaba da exuberancia da natureza que debía controlar. O instituto está situado nunha terra especialmente vizosa, as Mariñas Douradas. E, tamén, sobre todo, da exuberancia, da forza da vida, que recibía cada día co trato constante coa xente nova.

Por iso pousaba tanta ilusión –labor ímprobo de produción– na elaboración deste anuario. Documento precioso, sorrisos da mocidade que vos van acompañar sempre.

Por iso síntome especialmente feliz de poder escribir aquí sobre a miña amiga. Ana Torreiro Díaz, luz acollidora: na casa con Carlos, e cos seus fillos, Andrea, Carlos pequeno e mais Xurxo; con todos os seus amigos; e especialmente –alumnos e profesores– con todas as compañeiras e compañeiros de Someso.

Porque o cariño permanece, Ana Torreiro Díaz está en nós.

Porque as cousas bonitas fan máis grande o corazón.











Carnaval 2015



Profesorado e alumnado en Carnaval



Novedades normativas Fondo Social Europeo en FP



Comunicación proxectos en BIM-Empresa

O MEU BURRIÑO

- Arre meu burriño,  
que es un preguiceiro!  
¡A ver se lle gañas  
ao vento lixeiro...!

- Corre, meu burriño,  
nos cascos pon ás!  
¡Se queres, o vento  
deixarás atrás!

## SEÑOR GATO

*Señor Gato,  
pon sentido,  
que metido  
no burato  
está o rato.*

- *Señor Gato:  
está o rato  
no burato  
do rincón:  
ten nun puño  
o corazón.*



Eduemprende, técnicas de comunicación y oratoria



Eduemprende, gañadoras do concurso de ideas



Eduemprende, o noso alumnado na conferencia



Colaboración coa Asociación Xóvenes Empresarios





Liga de fútbol



Magosto



Desfile de Moda DESPUNTE



Traballando no Desfile de Moda DESPUNTE

PAZPALLAR

*Onde van as túas cancións  
cando chega o tempo frío?  
É que chas tapan as néboas?  
Tómache a voz o resío...?*

*Se non oíu o teu cantar  
estou tristeiro, moi soío.  
Dime ónde estás pazpallar,  
e non te fagas o tolo...!*



## O LAR

*Dende as xanelas eu vexo,  
con certo medo e receo,  
antenas de televexo  
e as nubes que están no ceo.*

*Non temos porcos, nin vacas,  
nin lareira, pozo e aria.  
Non temos hórreo, nin horta,  
nin cerdeira nin mazaira.*



Xornada de sensibilización Stop Accidentes e evacuación



Xornada de sensibilización Stop Accidentes e evacuación



Viveiro de empresas no CIFP Someso



Xornadas de transporte e mantemento de vehiculos



Zona WiFi – Cafetería – Punto de encontro



Firma do Convenio de F.P. Dual Loida – Conselleiro



Premios Inicia, formación para empender



Premios Inicia, formación para empender

A FALA

*O idioma é a patria,  
a esencia máis nosa,  
a creación común  
meirande e poderosa.*

*O idioma é a forza  
que nos xunge e sostén.  
Se perdemos a fala  
non seremos ningún!*

## O CIRCO

*Qué cousas tan formidables  
logran os malabaristas!  
E que brincos imposibles  
os que dan os trapecistas!*

*Pallasos e domadores  
fan gracias a habilidades.  
Baixo da carpa do circo  
non caben as soedades!*



Sardiñada



Sardiñada



O Belén de Someso



Colaboración coa Fundación Ronsel





Módulo Bioclimático – Cubierta



Módulo Bioclimático – Frente



Módulo Bioclimático – Mural



Módulo Bioclimático – Sala de exposiciones

A NATUREZA

*A natureza é amiga  
e dános o seu amor:  
dende a gracia dunha espiga  
ao río murmurador...!*

*A natureza é un ben  
é compañeira e irmán.  
É pró home sempre ten  
o seu corazón na man...!*



## O CIRCO

*Qué cousas tan formidables  
logran os malabaristas!  
E que brincos imposibles  
os que dan os trapecistas!*

*Pallasos e domadores  
fan gracias a habilidades.  
Baixo da carpa do circo  
non caben as soedades!*



Compañía de Teatro “Os Acelerados”, profesores do CIFP Someso



Representando “O achado do castro”



Filosofía, poder, corrupción, amor, sexo...

*Departamentos do centro*

**DIRECCIÓN**




Luis Miguel, Félix, Víctor, Juan Carlos.

A DORNA

*Eres leve como o vento  
e compites cos baixelos.  
Qué delicia! Qué portento!  
Rubes, baixas, fas ronse-  
les...!*

*Miña dorna sempre evante  
atravesas todo o mar.  
Qué fermosa! Qué ele-  
gante!  
Qué ben sabes navegar!*



A portrait of Manuel María, an elderly man with grey hair and a beard, looking upwards. The image is partially obscured by a teal graphic overlay on the right side.

## *Manuel María* 6.10.1929 – 8.09.2004

---

O escritor lucense Manuel María será o autor homenaxeado pola Real Academia Galega no Día das Letras Galegas no ano 2016.

Destacou polo seu carácter combativo e reivindicativo e polo seu compromiso político e cultural co nacionalismo galego. Ademais, a súa poesía "excelsa" ao tempo que a súa figura popular, o converte nun gran aliado para a Academia para levar o galego a todos os eidos posibles. Refórzase esta idea co feito significativo de que Manuel María figura, canda Rosalía, Curros e Celso Emilio, entre os escritores máis musicados.

Manuel María ofrece un perfil moi enfocado á poesía, un eido no que está considerado unha voz fundamental na segunda metade do século XX. Ademais, foi un activo promotor da cultura galega. Percorreu todo o país participando en recitais e charlas, tivo unha faceta de editor e tamén política, ámbito na que exerceu como concelleiro.

Coa súa escolla, se homenaxea a un autor de múltiples vertentes literarias, na que destaca a poética, culto e popular a un tempo, e coa que espera que arredor da celebración do 17 maio se desenvolvan numerosas actividades a prol da normalización do galego, arela na que tanto insistiu o propio Manuel María.